

Informe de acción de coordinación da titulación de mestrado universitario en oceanografía pola UCA, ULPGC e UVIGO 2022-2023

Índice

I. Información xeral	2
II. Coordinación	2
III. Accións de coordinación	2
IV. Conclusións	6
V. Anexos	6

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Mestrado universitario en oceanografía pola UCA, ULPGC e UVIGO
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias do Mar
Curso	2022-23

II. COORDINACIÓN

Coordinadora da titulación	Eva Teira
Reunión	

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Accións de coordinación

Como en cursos anteriores, mantivéronse as accións de coordinación, mantendo e reforzando as actividades xa desenvolvidas durante os cursos anteriores, así como favorecendo a resolución de aspectos xurdidos do día a día. Dende a coordinación do mestrado mantívose un contacto constante cos coordinadores das outras sedes (UCA e ULPGC), cos coordinadores de materias na UVIGO, co equipo decanal, coa comisión de calidade e cos/cas estudantes.

3.1. Reunións de coordinación entre sedes e da CAM

Ao longo deste ano, por motivos de eficacia e para evitar desprazamentos de membros da comisión académica do campus de Ourense a maior parte das reunións tiveron lugar de maneira virtual asíncrona ou síncrona. A coordinadora do mestrado participou sempre nas reunións de coordinación entre sedes. O seguimento e comunicación foi continua cos coordinadores de materia e o estudantado para detectar e resolver todas as pequenas incidencias que ían aparecendo, fundamentalmente relacionadas cos horarios e coa materia do TFM.

A continuación indícanse as reunións realizadas.

Reunións de coordinación entre sedes

Mantívose un contacto continuo entre a coordinación das tres sedes a través de intercambio de e-mails. Neste curso académico so se mantivo unha reunión síncrona entre as sedes, por non detectarse ningún tema de especial relevancia que requirise máis reunións síncronas durante o curso. A continuación se resumen os temas tratados na reunión síncrona e a través dos e-mails.

Reunión síncrona do 13 de outubro de 2022

A reunión síncrona entre as tres sedes convócase a petición da nova coordinadora da UCA, María del Carmen Puga. Trátase dunha reunión informal dirixida a resolver dúbidas de xestión, e concretamente relacionadas cos sistemas de avaliación de materias comúns as tres sedes. A reunión ten lugar a través de google meet.

Acordamos circular o documento definitivo dirixido ao profesorado do máster en relación á carga docente do alumando. Por outra banda, recordamos a necesidade que as guías docentes das materias foran coherentes co reflectido na memoria verificada (MV). A petición da coordinadora a UCA repasamos os sistemas de avaliación das materias comúns coa fin de asegurar a coherencia entre as sedes e a MV. De seguido abordamos a necesidade de manter actualizada a páxina web do máster. Finalmente aproveitamos a reunión para compartir o número de matriculados e a previsión de alumando de mobilidade para o curso 22-23.

E-mails entre Setembro 2022-xullo 2023

Entre os temas tratados pola coordinación das tres sedes a través dos e-mails destacan as seguintes:

- En setembro de 2023, chegamos a través do e-mail a un consenso do documento coas directrices por o profesorado, co fin de controlar o exceso de carga de traballo do alumando.
- En outubro de 2022 intercambiamos e-mails para aclarar detalles sobre as videoconferencias.
- En decembro de 2022 confirmamos o alumando de mobilidade co fin de xestionar a súa incorporación nas sedes de acollida.
- En marzo de 2023 poñémonos de acordo sobre a data do inicio do segundo semestre, as datas para campamento conxunto da materia do módulo común Procesos Xeolóxicos, e as datas das videoconferencias conxuntas das materias comúns para o curso 23-24.
- Entre maio e setembro de 2023 intercambiamos e-mails co fin de trasladar as notas dos estudantes de mobilidade as sedes de matrícula para completar os expedientes.

Reunións da comisión académica do mestrado (CAM) da UVIGO

Neste curso académico, o profesor Gabriel Rosón, de permiso por ano sabático, reincorpórase á CAM e retoma as tarefas de secretario. Mantívose una comunicación continua entre os membros da CAM para resolver os diferentes asuntos ordinarios de funcionamento do mestrado. Ademais, leváronse a cabo dúas reunións virtuais síncronas (10 de marzo de 2023, 13 de xuño de 2023) para abordar temas administrativos do mestrado tales como, revisión dos resultados das enquisas de valoración, elaboración da PDA, elaboración do POD, aprobación de horarios, aprobación de calendario e tribunais de TFM, a probación das guías docentes. Cabe destacar o esforzo realizado este curso para elaborar as directrices para tratar de reducir a carga de traballo dos estudantes. Outros acordos relevantes acadados pola CAM no curso 22-23 son os seguintes:

- Aprobación do cambio de liña e titor dunha estudante (28/04/2023)
- Aprobación dunha solicitude de matrícula a tempo parcial (16/09/2022).

- Aprobación do nomeamento de dous tribunais para a avaliación dos TFM, para evitar unha excesiva carga de traballo do profesorado, dado que a maioría do alumando defende na segunda oportunidade (13/06/2023).
- Informe por parte da coordinadora do máster a CAM da súa intención de deixar a súa función como coordinadora por levar xa máis de 4 anos no cargo (13/06/2023).
- Aprobación dunha solicitude dunha estudante ERASMUS (27/07/2023).

Así mesmo realizáronse outras 9 reunións virtuais asíncronas a través do e-mail (1-9-22, 20-9-22, 30-9-22, 7-11-22, 25-11-22, 21-4-23, 4-7-23, 17-7-23, 26-7-23) para acordar asuntos relacionados coa oferta e asignación de liñas de TFM, aprobación de listas de admitidos no mestrado e do POD, e cambios menores nos horarios e POD.

3.2. Outras accións de coordinación

En canto ao estudantado, a coordinadora do mestrado mantivo titorías a petición destes e intercambio de e-mails cos estudantes, para explicar asuntos relacionados coas axudas para a realización de tese de doutoramento e para explicar aspectos importantes relacionados con TFM (formato, avaliación e procedementos administrativos). A coordinadora mantivo unha titoría grupal na aula con todo estudantado o **24 de xaneiro de 2022** co fin de aclarar dúbidas sobre o TFM e para informar sobre convocatorias de axudas predoutorais e sobre as prácticas externas. A coordinadora do máster mantivo unha titoría cunha estudante que solicitou cambio de titor de TFM co fin de asesorala e explicarlle o procedemento para o cambio de liña e titor.

Así mesmo a coordinadora mantivo informado a través do e-mail a todo o profesorado dos asuntos de trámite relevantes do mestrado (elaboración de guías docentes, horarios, trámites do TFM, trámites de dietas e gastos de desprazamento intercampus, etc.).

Finalmente a coordinadora do mestrado mantivo tamén una reunión virtual síncrona (01-06-2023) e varias virtuais asíncronas a través do e-mail cos coordinadores de materias do mestrado para a organización docente, incluída a elaboración dos horarios e as guías docentes.

IV. CONCLUSIÓN

A. Preinscrición e admisión

Das 20 prazas ofertadas cubríronse 12 de novo ingreso (incluído tres procedentes de titulación no estranxeiro), representando un 60%. Este dato é maior que o do curso pasado. Un dos estudantes de novo ingreso matriculouse a tempo parcial. Ademais contamos cunha estudante de mobilidade procedente da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria que cursou a especialidade a materia DRCO e o TFM en Vigo. No curso 22-23, a taxa específica de transición grado-mestrado foi do 6,25%, similar a do curso 21-22 (5%), mentres que a taxa específica de captación foi do 0,19%, maior que a do curso pasado (0.06%).

B. Tipo de estudantado e nota media de acceso

As titulacións de acceso, igual que en cursos anteriores, seguen a ser bastante variadas (Táboa 1). Un 42% dos/as estudantes procede de Ciencias do Mar, igual que no curso pasado, e os/as restantes proceden dos graos de Ciencias Ambientais, Bioloxía e Ciencias Atmosféricas (titulación no estranxeiro). Descende polo tanto a porcentaxe de estudantes procedentes do grao en CC do Mar (un 55% no curso pasado). A nota media de acceso foi variable oscilando entre 6,45 e 7,77 (Táboa 1). A nota media máxima foi menor que no curso precedente, se ben o promedio global da nota de acceso foi maior (7,115).

Táboa 1. Modalidade e titulación de acceso de los estudantes del mestrado en el curso 2022-23 (nd: non dispoñíbel).

Modalidade de ingreso	Titulación	Homes	Mulleres	Total	Nota de acceso
Curso 22-23					
Títulos de grao	Estudos realizados no estranxeiro		1	1	
	Graduado en Bioloxía		1	1	6,446
	Graduado en Ciencias do Mar		2	2	7,142
	Graduado en Ciencias Ambientais		1	1	7,000
	Graduado en Bioloxía		1	1	6,750
	Graduado en Ciencias Ambientais		1	1	7,770
	Graduado en Ciencias do Mar	2	1	3	7,580
	Graduado universitario no Espazo Europeo de Educación Superior	1	1	2	nd
Total		3	9	12	7,115

C.

C. INDICADORES globais e por materias

A taxa de graduación do curso 21-22 que se indica no portal de transparencia e do 81%, por primeira vez lixeiramente por debaixo do obxectivo (90% na memoria verificada), e a taxa de eficiencia dun 100%, superior á do curso anterior, e por encima do valor obxectivo da memoria verificada (95% de eficiencia), tal e como ven ocorrendo nos últimos cursos académicos. Non están dispoñíbeis as taxas de graduación para o curso 22-23. A taxa de abandono foi do 0% no curso 22-23, menor que a do curso 21-22 (8,33%). A taxa de eficiencia foi tamén do 100% no curso 22-23, igual á do curso anterior. A taxa global de rendemento foi do 95% (92% homes e 96% mulleres), a taxa de avaliación foi do 95% e a taxa de éxito do 100%, todas por encima do 95% e similares as de cursos anterior.

No que se refire as cualificacións por materia (Táboa 2) as taxas de rendemento e avaliación oscilan entre o 78,6% e o 100% en todas as materias, sendo as taxas de avaliación e de rendemento do Traballo Fin de Mestrado (TFM), as únicas por debaixo do 100% (66,7% para os homes e 81,8% para as mulleres). Cabe mencionar que a baixa taxa de rendemento do TFM é debida, en parte, a un estúdiante matriculado a tempo parcial que defenderá o TFM no curso 23-24. Polo tanto cabería resaltar que as taxas do TFM seguen manténdose elevadas, gracias ao esforzo realizado na mellor planificación horaria e ao axuste da dedicación do estudante a outras materias, que lles permite planificar mellor o desenvolvemento do TFM. No caso das taxas de éxito son do 100% en todas as materias.

No que se refire as cualificacións (Táboa 3) entran dentro da variabilidade normal de calquera poboación de alumnado, cunha porcentaxe elevada de cualificacións altas (57% de sobresaíntes ou matrículas de honra), significativamente superior á do curso pasado (cun 38% de cualificacións altas). As materia Deseño e Realización de Campañas Oceanográficas e modelos Climáticos destaca cun 100% de sobresaíntes ou MH neste curso. De forma similar ao curso pasado, as outras materias con maior número de cualificacións son Reactividade Química no Océano, Procesos Físicos no Océano, e o TFM. As cualificacións máis baixas danse nas materias Interacción Atmósfera-Océano (ningún sobresaínte ou MH), Paleoclimatoloxía e Paleoceanografía. Tamén cabe mencionar as cualificacións moderadas en todos os complementos formativos, a excepción da Oceanografía Física e Oceanografía Química. Destaca tamén a maior proporción de cualificación altas no TFM neste curso (73%), con respecto ao curso pasado (27%).

Táboa 2. Taxas de avaliación, éxito e rendemento por materia no curso 22-23.

Titulación	Asignatura	Curso	Sexo	créditos matriculados	Presentados	Superados	T. Eval.	T. Exito	T. Ren.
Máster Universitario en Oceanografía	M153101	Procesos Físicos no Océano	Home	15.00	15.0	15.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	65.00	65.0	65.0	100.00%	100.00%	100.00%
	M153102	Oceanografía de Ecosistemas	Home	10.00	10.0	10.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	60.00	60.0	60.0	100.00%	100.00%	100.00%
	M153103	Reactividade e Química no Océano	Home	10.00	10.0	10.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	60.00	60.0	60.0	100.00%	100.00%	100.00%
	M153104	Procesos Xeolóxicos en Márxenes e	Home	15.00	15.0	15.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	65.00	65.0	65.0	100.00%	100.00%	100.00%
	M153205	Modelos Climáticos	Home	15.00	15.0	15.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	65.00	65.0	65.0	100.00%	100.00%	100.00%
	M153206	Paleoclimatoloxía e Paleoceanografía	Home	15.00	15.0	15.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	65.00	65.0	65.0	100.00%	100.00%	100.00%
	M153207	Interacción Atmosfera-Océano	Home	15.00	15.0	15.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	65.00	65.0	65.0	100.00%	100.00%	100.00%
	M153208	Cambio Global e Ecosistemas Mariños	Home	10.00	10.0	10.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%
			Total	60.00	60.0	60.0	100.00%	100.00%	100.00%
M153301	Deseño e Realización de Campañas	Home	15.00	15.0	15.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Muller	50.00	50.0	50.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Total	65.00	65.0	65.0	100.00%	100.00%	100.00%	
M153302	Traballo fin de Máster	Home	45.00	30.0	30.0	66.67%	100.00%	66.67%	
		Muller	165.00	135.0	135.0	81.82%	100.00%	81.82%	
		Total	210.00	165.0	165.0	78.57%	100.00%	78.57%	
M153CF101	Oceanografía Física	Home	3.00	3.0	3.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Muller	18.00	18.0	18.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Total	21.00	21.0	21.0	100.00%	100.00%	100.00%	
M153CF102	Oceanografía Química	Home	3.00	3.0	3.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Muller	18.00	18.0	18.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Total	21.00	21.0	21.0	100.00%	100.00%	100.00%	
M153CF103	Oceanografía Biolóxica	Home	3.00	3.0	3.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Muller	9.00	9.0	9.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Total	12.00	12.0	12.0	100.00%	100.00%	100.00%	
M153CF104	Oceanografía Xeolóxica	Home	3.00	3.0	3.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Muller	12.00	12.0	12.0	100.00%	100.00%	100.00%	
		Total	15.00	15.0	15.0	100.00%	100.00%	100.00%	
Total				849.00	804.0	804.0	94.70%	100.00%	94.70%

Táboa 3. Distribución das cualificacións por materia no curso 21-22.

Titulación	Asignatura		Nº Convocatorias		Nº Convocatorias		Nº Convocatorias		Nº Convocatorias	
			Sexo	Aprobado	Notable	Sobresaliente	Matrícula de Honra			
				C	B	A	A+			
Máster Universitario en Oceanografía	M153101	Procesos Físicos no Océano	Home				3			
			Muller		1		9			
			Total		1		12			
	M153102	Oceanografía de Ecosistemas	Home		2					
			Muller		9		1			
			Total		11		1			
	M153103	Reactividad e Química no Océano	Home				2			
			Muller		1		9			
			Total		1		11			
	M153104	Procesos Xeolóxicos en Márxenes	Home		2		1			
			Muller		7		2		1	
			Total		9		3		1	
	M153205	Modelos Climáticos	Home				3			
			Muller				9		1	
			Total				12		1	
	M153206	Paleoclimatoloxía e Paleooceanografía	Home	1		1				1
			Muller	1		5		4		
			Total	2		6		4		1
	M153207	Interacción Atmosfera-Océano	Home	2						1
			Muller	4		6				
Total			6		6				1	
M153208	Cambio Global e Ecosistemas Mariños	Home			1		1			
		Muller			5		4		1	
		Total			6		5		1	
M153301	Deseño e Realización de Campañas	Home				3				
		Muller				10				
		Total				13				
M153302	Traballo fin de Máster	Home				2				
		Muller			3		5		1	
		Total			3		7		1	
M153CF101	Oceanografía Física	Home							1	
		Muller			4		2			
		Total			4		2		1	
M153CF102	Oceanografía Química	Home				1				
		Muller			4		1		1	
		Total			4		2		1	
M153CF103	Oceanografía Biolóxica	Home					1			
		Muller	1		1				1	
		Total	1		1		1		1	
M153CF104	Oceanografía Xeolóxica	Home					1			
		Muller	2		1				1	
		Total	2		1		1		1	
Total			11		53		74		10	

A continuación, detállase o listado de TFM, coa cualificación obtida no curso 22-23.

TFT	APELLIDOS, NOMBRE	TÍTULO DE TFM	CALIFICACIÓN
1	Maite Huertas Fernández	Avaliación do efecto de microplásticos comerciais e partículas naturais no desenvolvemento do ourizo de mar Paracentrotus lividus	Sobresaliente 9,1
2	Aguilar Díaz, Miguel	Efecto do cambio climático no período de posta dos principais bivalvos recolectados nas rías galegas	Sobresaliente 9,0
3	Arzúa Malvar, Xeila	Dinámica do metano mariño e da súa emisión á atmosfera no afloramento galego	Notable 8,7
4	Barreiro Fonta, Helena	Comparación e validación de diferentes configuracións do modelo SWAN con datos instrumentais na Ría de Vigo	Notable 8,9
5	Carballo Lafuente, Guillermo	Efecto das ondas na distribución dos bivalvos explotables nas Rías Baixas: unha aproximación baseada na modelización do clima marítimo e ferramentas SIX	Sobresaliente 9,0
6	Clerencia Izquierdo, Mar	Efecto da acidificación oceánica sobre as diatomeas da Ría de Vigo	Notable 8,6
7	Domínguez Hernández, Alba	Análise do Risco Climático das prácticas de pesca artesanal en Galicia	Sobresaliente 9,5
8	Hernández Conesa, María Sol	Capacidade complexante do cobre e a súa relación coa materia orgánica disolta no Mar Menor	Sobresaliente 9,1
9	Lopez Haslett, Maria	Variación estacional da estrutura, composición e metabolismo da comunidade de plancto microbiano na plataforma adxacente do sistema de afloramento costeiro do NW Ibérico	Matrícula de honor 9,7
10	Matamala i Pagès, Marta	Aplicación dun novo método de reconstrución da variabilidade paleoclimática no Océano Índico tropical	Sobresaliente 9,1

11	Perez, Evette Loreal	Estudo de factores bióticos e abióticos nos desprendimentos de mexillóns en bateas (Ría de Arousa)	Sobresaliente 9,0
----	----------------------	--	----------------------

D. Mobilidade

No que respecta a mobilidade do estudiantado no curso 2022-23, unha alumna matriculada na ULPGC cursou a especialidade e o TFM na UVIGO (Domínguez Hernández, Alba), e tres estudantes graduados no estranxeiro cursaron integramente o máster na UVIGO.

Neste curso ningún estudante solicitou unha axuda ERASMUS+ para realizar prácticas no estranxeiro a pesares do traballo de promoción realizada por parte da coordinación, incluído una charla da vicedecana de mobilidade no día da xornada de acollida, así como a canalización de información ao alumnado a través do espazo de coordinación da plataforma Moovi.

E. Conclusións

En conclusión, a coordinación do mestrado ten mellorado moito dende a súa implantación, particularmente no referido a coordinación entre sedes e a coordinación entre o profesorado e o alumnado. Considérase de gran utilidade o espazo de coordinación na plataforma mooovi de teledocencia. Tivo lugar neste curso un cambio na composición da CAM debido á reincorporación na mesma de Gabriel Rosón, que non supuxo ningún problema relevante no bo funcionamento do máster. Non destaca ningún tema relevantes de coordinación entre sedes.

En canto aos resultados considéranse moi satisfactorios tanto no que se refire a taxas de eficiencia, de avaliación, éxito e rendemento, todas por enriba dos valores obxectivo fixados na memoria verificada e lixeiramente superiores ao curso pasado. A taxa de graduación foi lixeiramente menor, pero débese, en parte, a que un estúdiante abandonou os estudos por problemas persoais. Así mesmo, considérase que as cualificacións obtidas polo alumno aumentaron neste curso de forma considerable respecto ao curso pasado, cun 93% de notas por enriba do notable, e un 57% por enriba do sobresaínte (sendo este dato superior ao do curso 20-21). No TFM a porcentaxe de notas altas ascende a un 73%, moi superior ao dato do curso anterior (27%). Tamén se considera moi positivo a mobilidade entrante internacional, aumentando con respecto ao curso pasado, con tres estudantes con titulacións de grao cursadas no estranxeiro.

Como punto débil, so se conseguiron cubrir un 60% das prazas (algo máis que no curso anterior). Nese sentido tratarase de reforzar a promoción dos estudos a través de diversas canles (web, anuncios nas facultades, redes sociais, etc.). Por outra banda a taxa de transición grado-mestrado segue sendo baixa, a pesar de ter aumentado con respecto a outros cursos. Neste sentido tratarase de intensificar a promoción dos estudos entre o alumnado de Ciencias do Mar da facultade.

Vigo, 14 de decembro de 2023

Eva Teira